

ACTA NÚM. 6/2018.**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 17 DE OUTUBRO DE 2018.**

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 17 de outubro de 2018, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión ordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:

JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA. (PSG-PSOE)

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

YOLANDA BOUZAS ALFONSÍN. (PSG-PSOE).

JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS. (PSG-PSOE).

MARÍA ROSA ROMERO FARIÑA. (PSG-PSOE).

MARÍA GUARINA REY VÁZQUEZ. (PSG-PSOE).

JOSÉ PEDRO CAMBÓN FERNÁNDEZ. (PSG-PSOE).

FRANCISCO JAVIER BLANCO SÁNCHEZ, con retraso. (PSG-PSOE).

JESÚS QUINTELA VÁZQUEZ. (PSG-PSOE).

MARÍA DEL CARMEN REY TÚÑEZ. (PSG-PSOE).

JOSÉ DAVID GARCÍA ARCOS. (PP).

SATURNINO ABETE REDONDO. (PP).

XESÚS PENA ESPIÑA. (concelleiro non adscrito).

Non asiste: XOSÉ LUIS PENAS CORRAL. (BNG).

Secretario: JAVIER NIEVES GONZÁLEZ, secretario do Concello.

Asiste a interventora do Concello Patricia Coence Antelo.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 26.09.2018.

2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 06.09.2018 AO 10.10.2018.

3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE AMES E BRIÓN PARA A XESTIÓN CONXUNTA DA ETAP AMES - BRIÓN E CO OBXECTO DE REGULAR A PORCENTAXE DE PARTICIPACIÓN DE CADA CONCELLO NOS CUSTOS DA XESTIÓN DA ETAP AMES - BRIÓN.

4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA.

5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR ACTIVIDADES E SERVIZOS RELACIONADOS COA HIXIENE URBANA.

6º) MOCIÓNS.

7º) ROGOS E PREGUNTAS.

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 26.09.2018.

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo a acta da sesión núm. 5/2018, do 26.09.2018.

Sometida a votación, o Pleno por unanimidade dos once membros presentes acorda a súa aprobación.

2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 06.09.2018 AO 10.10.2018.

Pola alcaldía, de conformidade co artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e art. 22.2. a) da Lei 7/85, do 2 de abril, deuse conta da relación de decretos que de seguido se transcriben en extracto:

Data sinatura	Nº Decreto	Asunto
07/09/2018	00491/2018	ALTAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE AGOSTO DE 2018.
07/09/2018	00492/2018	BAIXAS NO PADRÓN DE HABITANTES MES DE AGOSTO DE 2018.
10/09/2018	00493/2018	DECLARACIÓN DE EXCEDENCIA POR INTERESE PARTICULAR DUNHA FUNCIONARIA.
10/09/2018	00494/2018	CONCESIÓN ANTICIPO SUBVENCIÓN EEI LUAÑA.
10/09/2018	00495/2018	CONCESIÓN ANTICIPO SUBVENCIÓN EEI SABAXANS.
11/09/2018	00496/2018	DECLARACIÓN MODELO 111 E 303 - AGOSTO 2018
11/09/2018	00497/2018	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE MATERIAIS PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DE CONEXIÓN DA REDE DE ABASTECIMIENTO A LUAÑA MEDIANTE A CONDUCCIÓN XERAL DE ABASTECIMENTO DE AUGA DESDE O RÍO TAMBRE.
12/09/2018	00498/2018	DISTRIBUCIÓN BANCO DE ALIMENTOS SETEMBRO 2018.
13/09/2018	00499/2018	SOLICITUDE DE ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A XUNTA, A FEGAMP E SEAGA EN MATERIA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA O ESTABLECIMENTO DUN SISTEMA PÚBLICO DE XESTIÓN DA BIOMASA NAS FAIXAS SECUNDARIAS.
15/09/2018	00500/2018	DECRETO PADRÓN ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL SETEMBRO.
15/09/2018	00501/2018	DECRETO PADRÓN AXUDA A DOMICILIO DEPENDENCIA AGOSTO.
15/09/2018	00502/2018	DECRETO PADRÓN AXUDA A DOMICILIO BASICA AGOSTO.
15/09/2018	00503/2018	LIÑAS FUNDAMENTAIS DO ORZAMENTO 2019.
15/09/2018	00504/2018	DEVOLUCIÓN INGRESOS INDEBIDOS A UN VECIÑO.
15/09/2018	00505/2018	RELACIÓN DE FACTURAS F/2018-39.
15/09/2018	00506/2018	DECRETO DE ADSCRICIÓN POS 2018 (ABASTECIMENTO LUAÑA).
15/09/2018	00507/2018	DECRETO DE ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR PARA ILUMINACIÓN

		FESTAS SANTA MINIA 2018.
17/09/2018	00508/2018	DECRETO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR FOGOS SANTA MINIA 2018.
17/09/2018	00509/2018	DECRETO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR DE ESPECTÁCULO MUSICAL PARA AS FESTAS DE SANTA MINIA 2018.
17/09/2018	00510/2018	DECRETO SANCIÓNS DE TRÁFICO.
17/09/2018	00511/2018	CONTRATO MENOR SUBMINISTRACIÓN E COLOCACIÓN VIDROS LAMINARES NO PALCO DE MÚSICA.
17/09/2018	00512/2018	RELACIÓN DE FACTURAS F/2018/38.
17/09/2018	00513/2018	COTA MANCOMUNIDADE CONCELLOS SERRA DO BARBANZA LB/08.18 - AGOSTO.
17/09/2018	00514/2018	COTA MANCOMUNIDADE CONCELLOS SERRA DO BARBANZA LB/09.18 - SETEMBRO.
19/09/2018	00515/2018	ORDENACIÓN PAGOS REC 03/2018.
19/09/2018	00516/2018	LIMPEZA DE FINCAS.
19/09/2018	00517/2018	LIMPEZA DE FINCAS.
19/09/2018	00518/2018	RELACIÓN DE FACTURAS F/2018/37 ENERXÍA ELÉCTRICA.
19/09/2018	00519/2018	LIMPEZA DE FINCAS.
19/09/2018	00520/2018	RELACIÓN DE FACTURAS F/2018/40.
19/09/2018	00521/2018	LIMPEZA DE FINCAS.
20/09/2018	00522/2018	DECRETO DE CONCESIÓN DE LICENZA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS.
20/09/2018	00523/2018	DECRETO DE CONCESIÓN DE LICENZA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS.
20/09/2018	00524/2018	DECRETO DE CONCESIÓN DE LICENZA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS.
20/09/2018	00525/2018	DECRETO DE CONCESIÓN DE LICENZA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS.
20/09/2018	00526/2018	INSCRIPCIÓN DE ASOCIACIÓN NO REXISTRO DE ASOCIACIÓNS DO CONCELLO.
20/09/2018	00527/2018	RESOLUCIÓN DE EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA TRAMITADO POR MOR DE RINGLEIRA DE PEDRAS EN O CASAL
20/09/2018	00528/2018	CONVOCATORIA PLENO EXTRAORDINARIO PARA O 26.09.2018.
20/09/2018	00529/2018	APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA PARCIAL DE GASTOS DO GES PARA A XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN DA DEPUTACIÓN 2018.
23/09/2018	00530/2018	AMPLIACIÓN SAF A UN VECIÑO.
23/09/2018	00531/2018	REMISIÓN EXPEDIENTE E EMPRAZAMENTOS AOS INTERESADOS NO RECURSO CONTENCIOSO P.A. 0000153/2018 MJ PRESENTADO POR INFINITIVUS SL. POR MOR DUN CAMIÑO EN O CASAL.
23/09/2018	00532/2018	ALTA NO SAF DEPENDENCIA DUN VECIÑO.
24/09/2018	00533/2018	REQUIRIMENTO DE DESALOXO DE PROPIEDADE MUNICIPAL.
24/09/2018	00534/2018	DECRETO DE RECTIFICACIÓN DE ERROS MATERIAIS NO DECRETO Nº 503/2018 DE 15 DE SETEMBRO DE 2018
24/09/2018	00535/2018	DECRETO DE CONVOCATORIA DA XGL DO 25.09.2018.
25/09/2018	00536/2018	DECRETO TAXA OCUPACIÓN DOMINIO PROVINCIAL.
25/09/2018	00537/2018	DECRETO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR POLO SERVIZO DE DOCENCIA DOS CURSOS DE INGLÉS.
26/09/2018	00538/2018	BAIXA DUN RECIBO NO PADRÓN DO LIXO 2018.
26/09/2018	00539/2018	DECRETO COMISIÓN DE SERVIZOS ROMARIA DE SANTA MINIA.
26/09/2018	00540/2018	DECRETO DE RECOÑECIMENTO DUN NOVO TRIENIO A VARIAS EMPREGADAS.

28/09/2018	00541/2018	DECRETO SANCIONES DE TRÁFICO.
28/09/2018	00542/2018	ALUGUER CAFETERIA CENTRO SOCIAL - SETEMBRO 2018.
28/09/2018	00543/2018	ACTIVIDADES MAIORES CURSO 2018-2019.
28/09/2018	00544/2018	PRORROGA AXUDA EMERXENCIA FARMACIA.
28/09/2018	00545/2018	DECRETO NÓMINAS MES DE SETEMBRO.
28/09/2018	00546/2018	DECRETO LIQUIDACIÓN TRIBUTOS DA XGL 25/09/2018.
01/10/2018	00547/2018	BAIXAS NO PADRÓN DE HABITANTES MES DE SETEMBRO DE 2018.
01/10/2018	00548/2018	ALTAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE SETEMBRO DE 2018.
01/10/2018	00549/2018	AXUDA DE EMERXENCIA A UN VECIÑO.
01/10/2018	00550/2018	RELACIÓN DE FACTURAS F/2018/41.
01/10/2018	00551/2018	RELACIÓN DE FACTURAS F/2018/42.
01/10/2018	00552/2018	BASES XXXVI CARREIRA POPULAR DA AMAIA.
01/10/2018	00553/2018	DECRETO DE CAMBIO DE HORARIO LABORAL A UNHA EMPREGADA.
02/10/2018	00554/2018	PERSOACIÓN NO P.A. 0000153/2018 MJ, ENCOMENDANDO A DEFENSA AO LETRADO CARLOS ABAL LOURIDO.
02/10/2018	00555/2018	CONTRATO MENOR SUBMINISTRACIÓN MARQUESIÑA OS ÁNXELES.
03/10/2018	00556/2018	DECRETO DE DELEGACIÓN DE MATRIMONIO CIVIL.
03/10/2018	00557/2018	RELACIÓN DE FACTURAS F/2018/43 ENERXÍA ELÉCTRICA.
04/10/2018	00558/2018	MODIFICACIÓN DECRETO 432/2018 ESPAZO DE TRANSFORMACIÓN EN MONTE BALADO
04/10/2018	00559/2018	BAIXA DUN RECIBO DO LIXO PADRÓN 2018.
04/10/2018	00560/2018	DECRETO DE RECTIFICACIÓN DE ERROS MATERIAIS NO DECRETO Nº 551/2018 DE 1 DE OUTUBRO DE 2018.
05/10/2018	00561/2018	DECRETO COTA ADHESION APLU.
05/10/2018	00562/2018	DECRETO PADRÓN ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL OUTUBRO.
05/10/2018	00563/2018	DECRETO PADRÓN AXUDA NO FOGAR BASICA SETEMBRO.
05/10/2018	00564/2018	DECRETO PADRÓN AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA SETEMBRO.
05/10/2018	00565/2018	DECRETO PRODUTIVIDADE FUNCIONARIOS: 65% 3º T E 35% DE XANEIRO A SETEMBRO DE 2018.
08/10/2018	00566/2018	CONTRATO MENOR SUBMINISTRACIÓN PEZAS E REPARACIÓN BOMBA CAMION URO 8285HTZ.
09/10/2018	00567/2018	DECRETO NÓMINA MES DE SETEMBRO (DEFINITIVO).
09/10/2018	00568/2018	BAIXA DUN RECIBO DO PADRÓN DO LIXO 2018.
09/10/2018	00569/2018	RELACIÓN DE FACTURAS F/2018/45.
09/10/2018	00570/2018	DECRETO DE CONVOCATORIA DA XGL DO 10.10.2018.
10/10/2018	00571/2018	DECRETO DEVOLUCION AVAL A UNHA EMPRESA.
10/10/2018	00572/2018	DECRETO DEVOLUCION AVAL A UNHA EMPRESA.
10/10/2018	00573/2018	DECRETO DEVOLUCIÓN FIANZA A UNHA EMPRESA.
10/10/2018	00574/2018	DECRETO DE APROBACIÓN INICIAL DO PADRÓN FISCAL CONXUNTO DAS TAXAS POLOS SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA, SANEAMENTO, DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS E CANÓN DE AUGA CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2018.
10/10/2018	00575/2018	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE OBRAS DO PROXECTO DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2018-2019 NO CONCELLO DE BRIÓN.
10/10/2018	00576/2018	CONVOCATORIA COMISSIONS INFORMATIVAS E PLENO.

O Pleno queda enterado.

Se incorpora neste intre ao Pleno o Sr. Concelleiro Blanco Sánchez.

3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE AMES E BRIÓN PARA A XESTIÓN CONXUNTA DA ETAP AMES - BRIÓN E CO

OBXECTO DE REGULAR A PORCENTAXE DE PARTICIPACIÓN DE CADA CONCELLO NOS CUSTOS DA XESTIÓN DA ETAP AMES - BRIÓN.

Dada conta da proposta da alcaldía do 10.10.2018, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Ordenación do Territorio e Urbanismo, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, en sesión do 16.10.2018, que transcrita di:

No ano 2008 os concellos de Ames e Brión coa colaboración técnica e financeira de Augas de Galicia acordaron levar a cabo a obra de Abastecemento en Ames e Brión (OH.215.799) que foi entregada e posta a disposición dos concellos con data marzo de 2016.

Logo de estudar as distintas posibilidades para a súa xestión compartida acordouse que a máis conveniente é a través dun convenio de colaboración, desbotando as posibilidades de creación dunha mancomunidade ou creación dun consorcio, polo que iniciáronse os traballos para a confección dun convenio de colaboración onde se estableza a forma de xestión do servizo e o financiamento do mesmo por parte dos concellos.

O Pleno do Concello de Ames con data 27 de setembro de 2018 aprobou o convenio sinalado, polo que agora se considera necesario prestar aprobación ao mesmo para regularizar a situación na que se atopa a prestación deste servizo.

Visto o informe preceptivo conxunto de secretaría e intervención, propono ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar o convenio de colaboración entre os Concellos de Brión e Ames co obxecto de regular a porcentaxe de participación de cada concello nos custes de xestión da ETAP Ames Brión. O convenio figura como anexo I.

2º) Facultar ao alcalde do Concello de Brión para a sinatura do convenio e para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

Anexo I.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE AMES E BRIÓN PARA A XESTIÓN CONXUNTA DA ETAP AMES-BRIÓN E CO OBXECTO DE REGULAR A PORCENTAXE DE PARTICIPACIÓN DE CADA CONCELLO NOS CUSTOS DA XESTIÓN DA ETAP AMES-BRIÓN.

José Luis García García, con DNI....., alcalde do Concello de Brión na representación do seu concello.

José M. Miñones Conde, con DNI....., alcalde do Concello de Ames, na representación do seu concello.

En _____ a _____ de _____ de 2018.

Ambas partes en representación dos seus respectivos concellos en uso das atribucións conferidas pola Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local para prestar os servizos de abastecemento de auga potable a domicilio, e evacuación e tratamento de augas residuais (artigo 25.2.c) e demais normativa sectorial de aplicación, concretamente a lei 9/2010 de 4 de novembro, de augas de Galicia (artigo 27 e concordantes) expoñen

ANTECEDENTES.

Primeiro.- A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia levou a cabo a obra de Abastecemento en Ames e Brión (1ª Fase) A Coruña, que consta das seguintes instalacións:

Captación de auga no lugar de Lens no río Tambre

Estación de tratamento de auga potable (ETAP) con capacidade para tratar 175 l/s, a cal inclúe un depósito de auga tratada de 7.300 metros cúbicos, no lugar de Lens no Concello de Ames.
Tubaxe de impulsión en fundición dúctil de diámetro 500mm entre a ETAP e o depósito de cabeceira.
Un depósito de cabeceira de auga de 10.000 metros cúbicos, no lugar de Agrón do Concello de Ames.
Condución por gravidade entre o depósito de cabeceira e os depósitos existentes en Brión e Castiñeiro do Lobo en Ames.

O Concello de Ames e o Concello de Brión contan con contadores instalados en ambos concellos que miden os metros cúbicos de auga entregada dende a ETAP.

Ámbolos Concellos (Ames e Brión) consideran que a utilización conxunta das citadas instalacións esixe a unificación da súa xestión para unha mellor funcionalidade e economía do servizo e porque así foi acordado polos alcaldes de ambos concellos en novembro de 2008.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Conforme os artigos 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e 26 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local tódolos municipios prestarán obrigatoriamente os servizos de abastecemento domiciliario de auga potable e saneamento.

Conforme ó artigo 25 2.c da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local os municipios, exercerán en todo caso, como competencias propias, nos términos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas na materia de abastecemento de auga potable a domicilio, e evacuación e tratamento de augas residuais.

Segundo.- O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, regula a figura dos convenios e defíneos como acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre sí ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Entre a figura dos convenios atópanse os interadministrativos que son asinados por dous ou mais Administracións Públicas. Nos convenios interadministrativos poderase incluír a utilización de medios, servizos e recursos doutra Administración Pública, para o exercicio de competencias propias ou delegadas.

Terceiro.- O artigo 22.2.f da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local atribúe como competencia do pleno do concello, a aprobación da forma de xestión dos servizos municipais. O artigo 47.2 do mesmo corpo legal require que o acordo plenario sexa adoptado por maioría absoluta cando se transfiran funcións ou actividades a outras administracións públicas así como a aceptación da delegación ou encomendas de xestión realizadas por outras administracións públicas.

Recoñecéndose mutuamente ambas partes capacidade para subscribir o presente convenio con arranxo as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Corresponderalle ao Concello de Ames a administración, control da xestión e mantemento da instalación da ETAP Ames Brión, mediante a contratación da prestación do servizo, a cal levarase a cabo de conformidade co disposto na lexislación vixente en materia de contratación das administracións públicas. Nos custos participarán ambos concellos de forma conxunta e comprenderá:

- Conservación e mantemento da obra civil.
- Conservación e mantemento dos equipos electromecánicos.
- Control de calidade da auga.
- Labores de xardinería da propia instalación.
- Seguimento e control dos caudais.
- Custo de enerxía eléctrica.
- Custo de reactivos químicos.
- Custo de persoal da ETAP
- Custo de vixilancia das instalacións.
- Custo de instalación e mantemento dos contadores.
- Investimentos necesarios para o correcto funcionamento da instalación.

Segunda. Para determinar a participación de cada concello no financiamento do servizo, hai que diferenciar tres períodos:

Período numero 1. Iniciase coa entrega da instalación da ETAP Ames Brión pola Xunta de Galicia e comprende os traballos de posta en marcha e funcionamento da ETAP que se inician no mes de marzo de 2016. Os gastos deste período inclúen os gastos de vixilancia e instalación de contadores. Os custes deste período fináncianse de forma proporcional á participación de cada concello na construción da instalación, correspondéndolle ao Concello de Ames un 67% dos gastos e ao Concello de Brión un 33%.

O desglose de gastos e calendario de pagos figura no anexo.

Período número 2. Iniciase unha vez que se finalizaron os traballos de posta en marcha e funcionamento da ETAP e comprende o total dos gastos do contrato de mantemento, potabilización e custes de electricidade. Os custes deste período número 2 serán financiados de forma proporcional ao número de metros cúbicos que consuma cada concello, segundo a medición realizada nos contadores instalados na tubaxe de abastecemento ós depósitos individuais de cada Concello, na saída da estación de tratamento.

Datos achegas a construción ETAP según convenio	600.000,00 euros
Concello de Ames	400.000,00 euros
Concello de Brión	200.000,00 euros
% Brión	0,33%
% Ames	0,67%

O desglose de gastos e calendario de pagos figura no anexo.

Período numero 3. Iniciase coa prestación do servizo en xuño de 2017 pola nova adjudicataria do ciclo integral da Auga do Concello de Ames (Espina & Delfín). O prezo por metro cúbico é o recollido na oferta da adjudicataria e será financiado de forma proporcional ao número de metros cúbicos que consuma cada concello, segundo medición que se efectuará por contadores instalados na tubaxe de abastecemento aos depósitos individuais de cada Concello, na saída da estación de tratamento.

O desglose de gastos e calendario de pagos figura no anexo.

Terceira.- Todos aqueles gastos distintos aos gastos de mantemento, que non se atopen incluídos no prezo do metro cúbico que resultou da licitación do CIA, e que sexa necesario levar a cabo na instalación da ETAP Ames Brión, serán financiados de forma proporcional á participación de cada concello na construción da instalación, correspondéndolle ao concello de Ames un 67% dos gastos e ao Concello de Brión un 33% dos gastos, e serán acordados na comisión de seguimento do convenio.

Cuarta. O Concello de Brión obrígase a aboar directamente os custes correspondentes ao ano 2016, gastos de posta en marcha e funcionamento da ETAP, e que se detallan no calendario de pagos que figura como anexo a este Convenio (período número 1).

Quinta.- Os custes posteriores ao período número 1, e que se refiren a custes de subministro calculados por custe metro cúbico serán facturados a empresa concesionaria do servizo de abastecemento do Concello de Brión. O prazo para o pagamento será de 1 mes a contar dende o día seguinte a recepción da correspondente liquidación.

Sexta.- O Concello de Brión autoriza expresamente ó Concello de Ames para que as liquidacións correspondentes ó consumo sexan emitidas a nome da súa actual concesionaria (Espina & Delfín) sendo ela a prestadora directa do servizo de abastecemento ós/ás usuarios/as de Brión e quedando o Concello de Brión obrigado a comunicar calquera cambio na forma de xestión ou prestación do servizo de abastecemento sempre e cando afecte ás liquidacións a emitir. Os restantes gastos que non son consumo serán liquidados directamente ó Concello de Brión na proporción da cláusula terceira (custes de posta en marcha e demais gastos extraordinarios de funcionamento a determinar pola Comisión de seguimento do Convenio), salvo que o Concello de Brión comunique ao Concello de Ames que estes custes deben ser asumidos pola súa concesionaria.

No caso de que a concesionaria do servizo en Brión non asuma as liquidacións que lle corresponden no prazo indicado responderá subsidiariamente o concello de Brión das débedas pendentes.

Sétima.- A duración do presente convenio será de 4 anos dende a súa sinatura podendo prorrogase de forma expresa por 4 anos máis.

Oitava.- Os problemas de interpretación ou incumprimento que podan presentarse ao longo da vida do convenio constitúese unha comisión que se reunirá anualmente e estará integrada polo alcalde de cada concello (ou concelleiro no que delegue) e un técnico municipal de cada un dos concellos.

Novena. Serán causas de resolución do presente convenio o mutuo acordo das partes ou o incumprimento total ou parcial das obrigas recoñecidas no mesmo.

Décima.- No suposto de causas sobrevidas ou cambios significativos con repercusión no convenio, as partes poderán acordar as modificacións que resulten precisas.

Undécima.- Ambas partes comprométese ó cumprimento da normativa sectorial que resulte de aplicación e particularmente á normativa de protección de datos de carácter persoal.

Duodécima.- Constitúese unha Comisión de seguimento deste convenio que se reunirá anualmente e estará integrada polo alcalde de cada un dos concellos (ou concelleiro/a no que delegue) e un técnico/a municipal

de cada un dos concellos. A Comisión terá por obxecto resolver os problemas de interpretación, modificacións ou incumprimento que podan presentarse ao longo da vida do convenio, levará a cabo un seguimento do funcionamento e custes da ETAP, e nela decidiranse as actuacións e traballos que sexan necesarios levar a cabo na instalación para o seu correcto funcionamento.

Décimo terceira.- O presente convenio ten natureza administrativa e as cuestións litixiosas que poidan xurdir con respecto á modificación, interpretación e resolución do presente convenio, serán resoltas pola xurisdición contencioso administrativa á que as partes se someten expresamente.

O alcalde do Concello de Ames

O alcalde do Concello de Brión

Jose Miñones Conde

José Luís García García

ANEXO. Custos da ETAP Ames Brión.

Período numero 1. Posta en marcha e funcionamento da ETAP Ames Brión.

PERÍODO NUMERO 1	Total		
ELECTRICIDADE (dende marzo ata agosto)	30.691,92		
CONTRATO DE MANTEMENTO	18.918,35		
SEGURIDADE	3.720,03		
CONTADOR	6.717,89		
		CONCELLO DE BRION	CONCELLO DE AMES
POTABILIZACION (xullo - agosto)	1.742,04	0,33	0,67
GASTOS TOTAIS 2016(febreiro-agosto)	61.790,23	20.390,78	41.399,45

Os custos do período número 1 serán liquidados polo Concello de Ames e aboados polo Concello de Brión no prazo de un mes dende recepción da liquidación.

Período número 2. Deste período (setembro 2016 - xuño 2017) resulta un custo metro cúbico de 0.4298 euros sen IVE e que se reparten según consumo efectivo de cada concello no período.

PERIODO NUMERO 2	Total
ELECTRICIDADE (setembro-xuño)	91.511,53
CONTRATO DE MANTEMENTO	33.910,25
SEGURIDADE	0,00
POTABILIZACIÓN DA AUGA (reactivos e químicos)	29.458,85
GATOS TOTAIS	154.880,63
M3 TOTAIS POTABILIZADOS	360.336,00
CUSTE M3 SEN IVE	0,4298

Os custos do período numero 2 serán liquidados polo Concello de Ames e aboados pola concesionaria do servizo de abastecemento do Concello de Brión no prazo de un mes a contar dende o día seguinte á recepción da liquidación.

Período número 3. Dende que a nova concesionaria asumiu a prestación do servizo CIA incluíndo a ETAP Ames Brión (a partires xullo 2017).

Resulta un custo metro cúbico de 0.2628 euros mais IVE e que se reparten según consumo efectivo de cada concello debendo realizarse liquidación trimestral polo Concello de Ames que será aboada pola concesionaria no prazo de un mes a contar dende o día seguinte á recepción da liquidación.

Debate:

O Sr. Alcalde sinala que levou moito tempo facer o convenio, e que quere facer un comentario no sentido de que o ano pasado e este tamén a seca fixo que a parte alta do concello quedase sen auga polo que se tivo que subministrar con cisternas, e agora se está a facer polo Concello a obra de conexión do subministro de auga da parte alta coa parte baixa do concello, polo que non haberá máis problemas deste tipo na parte alta.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (9), PP (2), e concelleiro non adscrito (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA.

Dada conta da proposta da alcaldía do 24.09.2018, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Administración, Economía, Transparencia e Participación Cidadá, en sesión do 16.10.2018, que transcrita di:

Co obxecto de proceder á modificación da taxa pola subministración de auga, e tendo en conta que o artigo 16 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais establecen esta posibilidade, tramitouse o expediente para levar a cabo a devandita modificación.

O motivo que xustifica esta proposta é a necesidade de actualizar as tarifas existentes en función do I.P.C., de agosto de 2017 a agosto de 2018, que é do 2,20 %, por ser as datas de referencia da actualización desta taxa, tratando de conseguir o autofinanciamento do servizo.

Visto o informe de secretaría propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar provisionalmente a modificación da vixente ordenanza fiscal núm. 12 T reguladora da taxa pola subministración de auga, publicada no BOP da Coruña núm. 66, do 23.03.2009, modificada por acordos publicados nos BOP do 13.12.2010, 22.12.2011, 10.12.2012, 09.12.2013, 05.12.2014, 14.12.2015, 15.12.2016 e 14.12.2017.

2º) Modificar o texto da ordenanza nos seguintes termos:

- Se modifican os epígrafes 1 ao 6 do art. 6: Cota Tributaria, que pasan a ter a seguinte redacción:

Epígrafe 1. Aboados da rede municipal xeral

Tarifa	Concepto	Tarifa
1.1	Mínimo de 10 m ³ , por abonado e mes	0,598 €/ m ³
1.2	De máis de 10 m ³ e ata 15 m ³ , por abonado e mes	0,781 €/ m ³
1.3	Máis de 15 m ³ por abonado e mes	1,168 €/ m ³

Epígrafe 2. Aboados da rede de Luaña

Tarifa	Concepto	Tarifa
2.1	Mínimo de 10 m ³ , por abonado e mes	0,440 €/ m ³
2.2	De máis de 10 m ³ e ata 15 m ³ , por abonado e mes	0,483 €/ m ³
2.3	Máis de 15 m ³ por abonado e mes	0,583 €/ m ³

Epígrafe 3. Acometidas

Os prezos varían dependendo do diámetro da acometida e do tipo de reposición a realizar na gabia:

Prezos para a acometida normal de 1 a 5 m.

Ø Acometida	Terra (A)	Asfalto (B)	Baldosa-acera (C)	
¾"	205,02	264,03	316,26	
1"	220,98	278,86	328,14	
1 ¼ "-1 ½"	265,83	324,32	373,63	
2 "	316,34	373,61	423,52	

Prezos para a acometida de máis de 5 m.

	¾"	1"	1 ¼ "-1 ½"	2 "	
(A) incremento € por m		9,51	11,15	15,93	26,76
(B) incremento € por m		20,99	22,67	27,39	38,21
(C) incremento € por m		25,27	26,22	31,61	42,37

Epígrafe 4. Contadores

Instalación de contador de 13/15/20 mm. en batería de contadores ou similar

Características	Tarifa
Contador de 13/15 mm. , válvula antirretorno e pezas de conexión	84,01 €/ud.
Contador de 20 mm., válvula antirretorno e pezas de conexión	106,46 €/ud.

Instalación de arqueta no chan

Características	Tarifa
Arqueta de 40 x 40, contador de 13/15 mm. ,válvula antirretorno e pezas de conexión.	187,16 €/ud.

Contador de diámetro superior a 20 mm.

Características
Según orzamento para cada caso

Contadores (sen colocación)

Ø	Tarifa
Ø 13 mm	57,66 € /ud.
Ø 15 mm	57,66 € /ud.
Ø 20 mm	80,09 € /ud.
Ø 25 mm	130,49 € /ud.
Ø 30 mm	182,40 € /ud.
Ø 40 mm	282,80 € /ud.
Ø50 mm	617,87 € /ud.
Ø 65 mm	765,95 € /ud.

Epígrafe 5. Xestión de cobro a impagados

Cobro aos abonados morosos dos gastos ocasionados pola comunicación dos recibos pendentes de pago

	Tarifa
Cota	4,34 € / ud.

Epígrafe 6. Desprecintado do contador/Comprobación e precintado de contador no instalado polo servizo/Comprobación de contador de abonado con contador patrón

Esta cota é a que se refire ao reestablecemento do subministro

	Tarifa
Cota	29,24 € / ud.

Todos os prezos anteriores veranse gravados co IVE correspondente.

A presente modificación entrará en vigor unha vez publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia e de conformidade co artigo 107 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2019, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Que se expoña ao público o expediente polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncios no taboleiro de edictos do Concello e no BOP, prazo que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. No caso de que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, debendo facerse publicación íntegra do texto da modificación aprobada no BOP para a súa entrada en vigor, consonte co disposto no art. 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (9), PP (2), e concelleiro non adscrito (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR ACTIVIDADES E SERVIZOS RELACIONADOS COA HIXIENE URBANA.

Dada conta da proposta da alcaldía do 01.10.2018, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Administración, Economía, Transparencia e Participación Cidadá, en sesión do 16.10.2018, que transcrita di:

O Concello nestes últimos anos fixo un esforzo e apostou polo mantemento dos servizos que viña prestando, xa que as últimas reformas legislativas tendentes a delimitar o sistema competencial municipal (Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local) non se está

a implantar nos prazos establecidos. Os concellos seguen a prestar servizos para os que debe garantirse a sustentabilidade financeira aos efectos de continuar coa súa prestación. Neste caso en particular trátase dun servizo deficitario, cuxo déficit se acentuou sobre todo nos últimos exercicios como consecuencia da adquisición por parte da Mancomunidade de camións e de maquinaria necesaria para o desenvolvemento do mesmo.

En base ao exposto considérase necesario proceder á modificación da ordenanza fiscal núm. 15-T reguladora da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene urbana, modificación que consistirá no incremento das tarifas nun 2%, co fin de conseguir reducir o déficit que provoca este servizo.

Visto o expediente tramitado e o informe de secretaría, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar provisionalmente a modificación da vixente ordenanza fiscal núm. 15-T reguladora da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene urbana, publicada no BOP da Coruña núm. 270, do 24.12.2009, con modificacións posteriores publicadas nos BOP do 15.11.2010, 22.12.2011, 10.12.2012, 09.12.2013, 05.12.2014, 14.12.2015, 15.12.2016 e 14.12.2017.

A modificación consistirá en: Modifícase o Anexo: Tarifas, que pasa a ter a seguinte redacción:

ANEXO: TARIFAS

TARIFA Nº 1: XESTIÓN DO LIXO DOMICILIARIO E RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS ASIMILABLES	
	Euros
Epígrafe 10.-Vivendas:	92,51
Concepto 1000: Recollida	
Epígrafe 11: Aloxamentos e centros de ensinanza:	
Concepto 1100: hoteis, moteis, hostais e hoteis - apartamentos de 5 estrelas, por cada praza e ano, euros: (cun mínimo anual de 224,69 euros)	25,15
Concepto 1101: hoteis, moteis, hostais e hoteis - apartamentos de 4 estrelas, por cada praza e ano, euros: (cun mínimo anual de 224,69 euros)	23,96
Concepto 1102: hoteis, moteis, hostais e hoteis - apartamentos de 3 estrelas, por cada praza e ano, euros: (cun mínimo anual de 224,69 euros)	19,85
Concepto 1103: hoteis, moteis, hostais e hoteis - apartamentos de 2 estrelas, por cada praza e ano, euros: (cun mínimo anual de 224,69 euros)	18,19
Concepto 1104: hoteis, moteis, hostais e hoteis - apartamentos de 1 estrela e campamentos de turismo, por cada praza e ano, euros: (cun mínimo anual de 204,01 euros)	16,52
Concepto 1105: pensións de 2 estrelas e campamentos de turismo e albergues xuvenís, por cada praza e ano, euros:	5,45
Concepto 1106: pensións de 1 estrela, por cada praza e ano, euros: (cun mínimo ó ano de 204,01 euros)	16,52
Concepto 1107: fondas, por cada praza e ano (cun mínimo anual de 119,34 euros)	10,05
Concepto 1108: casas de hospedaxe, por cada praza ó ano, euros: (cun mínimo anual de 113,83 euros)	8,07
Concepto 1109: hospitais, sanatorios e demais centros sanitarios asistenciais, por cada praza, ó ano, euros: (cun mínimo de 570,48 euros anuais)	47,46
Concepto 1110: Centros Docentes, Colexios Maiores e Residencias de Estudantes con réxime de pensión alimenticia, por cada praza ó ano, euros	16,52

(cun mínimo de 490,80 euros).	
Concepto 1111: Centros Docentes, Colexios Maiores e Residencias de Estudiantes, sen réxime de pensión alimenticia, por cada Centro, ó ano	403,54
Concepto 1112: Centros de ensinanza que realizan a súa actividade en locais de menos de 100 m ²	201,79
Epígrafe 12: Locais	
Concepto 1200: RESTAURANTES	
120000 De Categoría de Luxo	887,85
120001 De Categoría 1 ^a	807,13
120002 De Categoría 2 ^a	655,79
120003 De Categoría 3 ^a	524,57
120004 De Categoría 4 ^a	393,49
Concepto 1201: CAFETERÍAS	
120100 De Categoría Especial	706,26
120101 De Categoría 1 ^a	554,91
120102 De Categoría 2 ^a	454,03
120103 De Categoría 3 ^a	221,95
Concepto 1202: BARES	
120200 De Categoría Especial, epígrafe 673.1 I.A.E.	807,13
120201 Outros cafés e bares, epígrafe 673.2 I.A.E. (zona urbana)	181,52
120201 Outros cafés e bares, epígrafe 673.2 I.A.E. (resto)	151,36
Concepto 1203: SALAS DE FESTAS, DISCOTECAS, WHISKERÍAS, BINGOS E SIMILARES	
	807,12
Concepto 1204: CÍRCULOS E CLUBES	
120400 Con restaurante e/ou cafetería	504,46
120401 Os demais	252,24
Concepto 1205: TEATROS E CINES	
120500 Teatros e Cines con local pechado	343,06
120501 Teatros e Cines con local aberto	100,89
Concepto 1207 FÁBRICAS, TALLERES DE REPARACIÓN DE AUTOMÓBILES, ASERRADEIROS E GRANDES ALMACÉNS	
120700 Ata 10 empregados	
120700.00 De 1 empregado	159,87
120700.01 De 2 a 4 empregados	239,81
120700.02 De 5 a 7 empregados	319,76
120700.03 De 8 a 10 empregados	399,68
120701 Máis de 10 empregados, ata 20	639,50
120702 Máis de 20 empregados, ata 50	1279,05
120703 Máis de 50 empregados, ata 100	2336,32
120704 Máis de 100 empregados	4657,19
Concepto 1208: MERCADOS, SUPERMERCADOS, COMERCIOS O POR MAIOR DE PRODUCTOS ALIMENTARIOS E ESTABLECEMENTOS AGROALIMENTARIOS	
120801 Establecementos en réxime de autoservicio e mixto, distintos dos contemplados no epígrafe 661.2 da Sección 1 ^a das tarifas do Imposto sobre Actividades Económicas:	
120801.00 Con superficie superior a 400 m ²	2398,19

120801.01 Con superficie comprendida entre 399 m ² e 120 m ²	479,63
120801.02 Con superficie comprendida entre 120 m ² e 60 m ²	319,76
120801.03 Con superficie inferior a 60 m ²	159,87
120802 Outros establecementos:	
120802.00 Pescaderías e carnicerías, verdulerías e froiterías	159,87
120802.01 Os demais establecementos	121,06
120803 Mercados Centrais de Maioristas:	
120803.00 Entidades Xestoras dos Mercados Centrais Maioristas	3287,29
120803.01 Por cada posto modular	474,48
Concepto 1209: ENTIDADES BANCARIAS E CAIXAS DE AFORROS, GASOLINERAS E ESTACIÓNS DE SERVICIOS.	
Concepto 120901 Entidades Bancarias e Caixas de Aforro	958,48
Concepto 120902 Gasolineiras e Estacións de Servizo, por surtidor (ata un máximo de 634,11 euros)	201,78
Concepto 1210: CENTROS OFICIAIS (Produtores de menos de 1000 l de residuos, por día):	
121000 Ata 500 m ² de superficie	425,56
121001 Dende 500 m ² ata 1000 m ² de superficie	852,33
121002 Máis de 1000 m ² de superficie	1277,93
Concepto 1211: LOCAIS, ESTABLECEMENTOS E TODA CLASE DE INSTALACIÓNS DE CARÁCTER PÚBLICO OU PRIVADO, NON COMPRENDIDOS EN CONCEPTOS ANTERIORES E GRANDES PRODUCTORES DE RESIDUOS	
121100 Por cada fracción de 100 litros de residuos xerados ó día, ó ano	252,24
NOTA: Pa os efectos da notificación da cota derivada deste concepto, os obrigados ao pagamento deberán declara-la media de residuos xerados, previo requirimento, para iso, pola Inspección do Servizo, que poderá rectifica-las declaracións formuladas ou estimar de oficio o volume de residuos no caso de falta de declaración.	
Concepto 1212: DESPACHOS PROFESIONAIS	121,06
Concepto 1213: POSTOS, QUIOSCOS E CALQUERA OUTRO CON INSTALACIÓN PERMANENTE NA VÍA PÚBLICA E NON SUXEITO POR CONCEPTOS ANTERIORES DESTAS TARIFAS	38,12
Concepto 1214: DEMAIS LOCAIS E NEGOCIOS NON COMPRENDIDOS NOS EPÍGRAFES E CONCEPTOS ANTERIORES	121,06
NOTA COMÚN Á TARIFA Nº 1: As cotas reseñadas nesta tarifa teñen carácter de mínimas, podendo os servizos de inspección, con comunicación e audiencia ó interesado, axustalas ó volume de residuos xerados, tomando como base para o cálculo o Concepto 121100.	
TARIFA Nº 2: POR UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE TRATAMENTO	
Euros	
Epígrafe 20.-Instalacións de tratamento	
Concepto 2001: Polo tratamento de cada Kg de residuos sólidos clasificado nas fraccións utilizadas para recollida selectiva. O mínimo de percepción non será inferior a 3,30 euros.	0,05
Concepto 2002: Polo tratamento de cada Kg de residuos sólidos sen clasificar. O mínimo de percepción non será inferior a 4,18 euros.	0,07
Concepto 2003: Carga e transporte de residuos urbanos a instalacións de tratamento. Por cada Kg de residuos urbanos, euros: (cun mínimo de 46,87	0,16

euros).	
TARIFA Nº 3: POR LIMPEZAS EXTRAORDINARIAS DE LUGARES ONDE SE CELEBRARÁN ACTOS PÚBLICOS	
	Euro s
Epígrafe 30.-Limpeza	
Por cada m ² de limpeza da vía pública, euros (cun mínimo de 58,75 euros):	0,05
Epígrafe 31.-Carga e transporte de residuos sólidos urbanos a vertedoiros:	
Concepto 3100: Por cada Kg de residuos sólidos urbanos, euros (cun mínimo de 46,87 euros):	0,16
Concepto 3101: Por cada m ³ de residuos inertes, euros (cun mínimo de 46,87 euros):	15,81
NOTA: A débeda tributaria esixible obterase por aplicación do disposto no artigo 12.1.b) desta Ordenanza	
TARIFA Nº 4: POR RETIRADA DE VEHÍCULOS	
	Euros
Epígrafe 40.-Recollida de vehículos	
Concepto 4000: Pola retirada de motocicletas, velocípedos, triciclos, motocarros e demais vehículos de características análogas.	35,72
Concepto 4001: Pola retirada de toda clase de vehículos turismos, así como camionetas, furgonetas e demais vehículos de características análogas con tara inferior a 1.000 Kg.	73,78
Concepto 4002: Pola retirada de camións, tractores, turismos , remolques, camionetas, furgonetas e demais vehículos de características análogas con tara superior a 1.000 Kg.	182,93
Epígrafe 41.-Depósito de vehículos	
Concepto 4100: Motocicletas, velocípedos, triciclos, motocarros e demais vehículos de características análogas, por día	2,88
Concepto 4101: automóviles de turismo, furgóns, furgonetas e demais vehículos con tara inferior a 1.000 Kg., por día	4,54
Concepto 4102: Camións, tractores, remolques, camionetas, furgonetas e demais vehículos con tara superior a 1.000 Kg., por día	9,67
NOTA 1ª.-A débeda tributaria esixible obterase por aplicación do disposto no artigo 12.1.b) desta Ordenanza.	
NOTA 2ª.-No caso de que se iniciara a recollida e se realizara o enganche, pero non se completara o transporte do vehículo ata o depósito municipal porque non se tivera consumado este debido á presenza do interesado, satisfacerase o 50% da tarifa que puidese corresponder.	
NOTA 3ª.-As tarifas por retirada e por depósito de vehículos serán independentes entre si. Non obstante, a tarifa por depósito de vehículos só se aplicará no caso de que transcorran 24 horas dende a recollida daqueles, sen ser retirados polos seus propietarios.	
TARIFA Nº 5: POR RETIRADA DE CONTEDORES DE ENTULLO	
	Euros
Epígrafe 50.-Retirada e transporte a depósito	125,23
Epígrafe 51.-Depósito por cada día de estancia	4,06
NOTA.-A débeda tributaria esixible obterase por aplicación do disposto no artigo 12.1.b) desta	

Ordenanza.	
TARIFA Nº 6: LIMPEZA E/OU RETIRADA DE CARTEIS, SOPORTES, PANCARTAS E PINTADAS	
	Euros
Epígrafe 60.-Por limpeza e retirada de carteis, soportes, pintadas e pancartas	
Concepto 6001: Por cada m ² de limpeza e de retirada de carteis	27,90
Concepto 6002: Por cada m liñal de limpeza de pintadas	27,90
Concepto 6003: Por cada unidade de pancarta retirada da vía pública, euros:	15,97
NOTA.-A débeda tributaria esixible obterase por aplicación do disposto no artigo 12.1.b) desta Ordenanza.	
TARIFA Nº 7: RETIRADA, TRANSPORTE E TRATAMENTO DE ANIMAIS DA VÍA PÚBLICA	
Epígrafe 70.-Por cada unidade de peso menor de 70 Kg, euros:	24,67
Epígrafe 71.-Por unidade de peso superior a 70 Kg, euros:	79,03
TARIFA Nº 8: POLA PRESTACIÓN DOS SERVICIOS E REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES REFERIDOS NO ARTIGO 2º, LETRA K	
A cota tributaria será o resultado de aplica-lo número e entidade dos medios persoais e materiais que se utilicen na prestación do servizo, o tempo investido, e a tarifa contida nos seguintes epígrafes e conceptos:	
Epígrafe 80.-Persoal	Euros
Concepto 8000: Técnico superior ou medio, por cada hora ou fracción	69,98
Concepto 8001: Encargado, Xefe, Capataz ou Inspector dos Servizos, por cada hora ou fracción	32,06
Concepto 8002: Conductor, Mecánico ou operario, por cada hora ou fracción	19,72
NOTA Concepto 8002: Cada hora liquidada incrementarase nun 15 % adicional en concepto de custo derivado da supervisión e dirección da actividade, se esta non se liquidara directamente por aplicación do resto de conceptos do Epígrafe 80.	
Epígrafe 81.-Materiais	Euros
Concepto 8100: O consumo de materiais computarase, previa valoración da Mancomunidade do Barbanza, a prezos de mercado.	
Concepto 8101: Vehículos pesados (varredora, baldeadora, compactador, excavadora, grúa, pluma ou similar) por unidade e hora, sen condutor, euros:	32,06
Concepto 8102: Conductor, Mecánico ou operario, por cada hora ou fracción	19,73
Epígrafe 82.-Desprazamentos	
Concepto 8200: Por Km percorrido, vehículo pesado, compactadores ida e volta, euros:	1,32
Concepto 8201: Por Km percorrido, vehículos lixeiros.	0,44
NOTA.-A débeda tributaria esixible obterase por aplicación do disposto no artigo 12.1.b) desta Ordenanza.	

A presente modificación entrará en vigor unha vez publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia e de conformidade co artigo 107 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2019, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Que se expoña ao público o expediente polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncios no taboleiro de edictos do Concello e no BOP, prazo que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. No caso de que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, debendo facerse publicación íntegra do texto da modificación aprobada no BOP para a súa entrada en vigor, consonte co disposto no art. 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (9), PP (2), e concelleiro non adscrito (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

6º) MOCIÓNS.

Aprobase por unanimidade dos doce membros presentes a urxencia da seguinte moción:

6.1. MOCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DUNHA SENDA.

Pola alcaldía exponese que a zona desde Perros a San Salvador é moi perigosa, polo que é unha verdadeira necesidade solicitar á Xunta de Galicia que faga unha senda, que por outra banda debía ser moi barata porque todos os veciños estarían dispostos a ceder o terreo, creo que nos bastaría unha senda con zahorra, engadindo que a policía local lle presentou hoxe un informe no que se sinala que estímase oportuno a necesidade de actuacións na estrada AC-300, vía de titularidade autonómica, entre os P.Q. 1,5 e 2,5 debido a que pola mesma transitan a diario numerosos usuarios, desde vehículos pesados ata ciclistas e peóns, nunha zona a cal carece de beiravías e beirarrúas, así como de iluminación.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (9), PP (2), e concelleiro non adscrito (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

En consecuencia queda aprobado o seguinte acordo:

1º) Solicitar á Xunta de Galicia que faga unha senda na zona desde Perros a San Salvador, na estrada AC-300, vía de titularidade autonómica, entre os P.Q. 1,5 e 2,5, pola súa perigosidade, debido a que pola mesma transitan a diario numerosos usuarios, desde vehículos pesados ata ciclistas e peóns, nunha zona a cal carece de beiravías e beirarrúas, así como de iluminación.

2º) Remitirlle copia do informe elaborado pola policía local de data 15.10.2018.



7º) ROGOS E PREGUNTAS.

Non se presentou ningunha.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as trece horas e vinte minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde

O secretario

Vº e Prace

José Luis García García

Javier Nieves González